## I: Preguntas do tema

**1. O teatro galego do século XX. Tendencias, autores e obras.**

**2. Os modelos narrativos de finais do século XX.**

**3. Narrativa: autores e obras.**

## SOLUCIÓN:

**1.** O estudo do teatro galego do século XX permítenos establecer tres etapas: 1900-1936; 1936-1970; 1970-fin de século.

Primeira etapa. O teatro galego inicia o século coa creación da Escola Rexional de Declamación (1903), que, presidida por Galo Salinas, representou *A ponte* (primeiro drama galego en prosa) de Lugrís Freire. Posteriormente o teatro galego recibe o impulso das Irmandades, que cren que este xénero é o máis adecuado para a difusión das súas ideas. Así crearon o Conservatorio de Arte Galega, que puxo en escena *A man da Santiña* de Cabanillas. Entre 1923 e 1926 o Conservatorio convértese na Escola Dramática Galega que desenvolve unha grande actividade, representando obras de Antón Villar Ponte, Leandro Carré Alvarellos, Armando Cotarelo Valledor (*Trebón*, 1922; *Sinxebra*, 1923; *Lubicán*, 1924; *Beiramar*, 1931; *Mourenza*, 1932; *Hostia*, 1926), Risco (*O bufón de El Rei*, 1928), Otero (*A lagarada*, 1929), Cabanillas (*A man da Santiña*, 1921; *O Mariscal*, 1926), e Dieste (*A fiestra valdeira*, 1927).

Segunda etapa. Despois da guerra a actividade teatral continúa en Buenos Aires, onde, entre 1936 e 1944, funciona a Compañía Galega Maruxa Villanueva (Castelao: *Os vellos non deben de namorarse*, 1941). En 1957 Blanco Amor funda o Teatro Popular Galego e escribe numerosas pezas (*Farsas para títeres*, 1962; *Teatro pra a xente*, 1974). En Galicia, aínda que se produce teatro, non se coñece. Así autores que xa publicaran antes volven publicar agora, como é o caso de Otero (O desengano do prioro, 1952; Teatro de máscaras, 1975), Cabanillas (Macías o namorado, 1956; Fole (O pauto do demo, 1958), Cunqueiro (*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, 1959; *A noite vai coma un río*, 1969) e outros (Carballo Calero, Franco Grande, Manuel María, Bernardino Graña,...).

Terceira etapa. Nos anos setenta produciuse un cambio no tipo de teatro, pois pasa a ter unha función social e xorden moitos grupos independentes. As “Mostras” de teatro de Ribadavia e o concurso “Abrente” significaron un gran pulo para a produción dramática. Aparecen autores como Vidal Bolaño, Camilo Valdeorras, Francisco Taxes, Millán Picouto, Ruibal,...

**2.** No último terzo do século XX xorde un grupo de novelistas que van ser os responsables dunha nova etapa de ouro para a nosa narrativa. Esta etapa recibe o nome de Nova Narrativa, nome debido a influencia que sobre eles exerce o Nouveau Roman francés. Estes escritores intentan renovar as técnicas e os temas para superar dunha vez a tradición literaria dos continuadores do grupo Nós e a influencia dos movementos dominantes da literatura española. Foi un novo intento, como xa fixera a xeración Nós, de europeización da literatura galega.

Tematicamente intentan reproducir a situación alienante producida pola ditadura, a industrialización e a sociedade de consumo. Xurdiron historias nas que predominaba a sensación de soidade, terror e angustia, protagonizadas por personaxes anónimos carentes de características especialmente atractivas.

Tecnicamente, para representar con maior credibilidade esa realidade sentida como deshumanizada, abandonan o narrador-omnisciente para pór en práctica outros puntos de vista (narrador-protagonista, narrador-observador, monólogo interior, multiperspectivismo. Tamén se producen cambios no tratamento do espazo e do tempo; xogouse co tempo subxectivo, non lineal e co espazo tamén subxectivo cargado de simbolismo.

**3.** Os autores e obras máis salientables son: Gonzalo Rodríguez Mourullo (*Memorias de Tais*, 1956), Camilo González Suárez-Llanos (*Lonxe de nós e dentro*, 1961; *Coma calquera outro día*, 1962; *Cara a Times Square*, 1980; *Desfeita*, 1984), Mª. Xosé Queizán (*A orella no buraco*, 1965; *Amantia*, 1984), Xosé Luís Méndez Ferrín (*Percival e outras historias*, 1958; *O crepúsculo e as formigas*, 1961; *Arrabaldo do norte*, 1964; *Elipses e outras sombras*, 1974; *Retorno a Tagen Ata*, 1971; *Antón e os inocentes*, 1976; *Crónica de nós*, 1980; *Amor de Artur*, 1980), e Carlos Casares (*Cambio en tres*, 1969; *Xoguetes para un tempo prohibido*, 1975; *Os escuros soños de Clío*, 1979; *Os mortos daquel verán*, 1987; e *Deus sentado nun sillón azul*, 1999.

Outros autores contemporáneos non formarían parte deste último grupo de narradores.

## II: Comentario de texto

### Texto 1:

Le o texto e comenta os seus procedementos narrativos: narrador, accións, descricións, punto de vista, etc. Explica o valor do texto, como testemuña de linguas e culturas sen normalizar.

*Desembarquei. Pasei as alfándegas. Uniformados sen afeitar, con dentes de ouro e a típica ollada dura de Terra Ancha capitaneando o rostro, abriron a miña equipaxe e interrogáronme. Faleilles en lingua azerrata e notei que contiñan a indignación. Aluguei un automóbil -un poderoso Bentely- que me deixou nunha pousada situada nos mesmos lindeiros da Grande Fraga.*

*Decidín entón, procurar o meu primeiro contacto, Ulm Roam, e dei os pasos necesarios.*

*Ulm Roam era o herdeiro do maxisterio de C. Roaç, que á súa vez érao do maxisterio de Diugo Nokao. Todos tres foran considerados, cada un no seu tempo, como príncipes da poesía azerrata, restauradores do idioma e definidores da nación oprimida. Todos tres cantaran os misterios da Grande Fraga e mailo outono nas viñas dos vales do Sul, así como a diferentes herois dos séculos XIII a XVII. En Anatí circulaban, de xeito xeralmente oral, os belísimos pensamentos de Ulm Roan: "É preciso darlle prioridade ao esprito." "Poñamos en vigor os valores da propia personalidade." "Cómpre prestixiar culturalmente o idioma: dotémolo dunha dimensión metafísica."*

X. L. MÉNDEZ FERRÍN: *Retorno a Tagen Ata*

**SOLUCIÓN:**
Narrador protagonista en primeira persoa desde a subxectividade do cal se interpreta a realidade. O elemento descritivo está representado polo retrato dos gardas; o ensaístico, pola alusión aos devanceiros de Ulm Roam. O elemento narrativo é a busca de Ulm Roam, polo que o protagonista vén a Tagen Ata.
Algúns entenderon o texto como unha obra en clave sobre Galicia. Sen embargo, os topónimos e antropónimos sen adscrición realista a ningún país, poden facer que o texto se entenda desde calquera país ou cultura.

## Texto 2:

Le o seguinte texto:

*Chamábanlle Xudas. El non sabía por qué. Andaba a pedir. Entraba nos bares polas noites e dicíanlle "Xudas baila unha rumba". Bailaba. "Xudas, canta" E cantaba Granada. Sempre cantaba Granada. Ó rematar pasaba a gorra e botábanlle unhas cadelas. Tamén sabía dous contos: o do crego e a pita e o do neno parvo. Por contar o do crego cobraba unha peseta. E polo do neno parvo pedía un peso.*

CARLOS CASARES: *Vento ferido*

1. Establece o tipo de narrador que aparece nel e caracterízao.
2. Relaciónao cos narradores e personaxes característicos que presenta a *Nova Narrativa.*

**SOLUCIÓN:**
1. É un narrador obxectivo, que tenta reproducir só o que ve ou oe.
2. Este narrador é o habitual da nova narrativa, que desbota o narrador omnisciente. Coma os personaxes de *A orella no buraco*, *Arrabaldo do norte*, etc., é un antiheroe.